



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E TRES DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a . BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA

Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO
------------	----------------------------------

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e tres de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratarse os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (26/12/2012).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e seis de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local sobre do POS 2012.

Dáse conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día quince de xaneiro do ano que andamos, que di o seguinte:

“2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2013.

Dáse conta das bases reguladoras do *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)* aprobadas polo Pleno da Deputación con data 26/10/2012 e publicadas no BOP núm. 207/12, do 30 de outubro e da *modificación das mesmas aprobadas polo Pleno da Deputación do 21 de decembro de 2012.*



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



En función do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de decembro de dous mil doce, delegando na Xunta de Goberno Local a aprobación do citado plan, acórdase:

1º.- Aprobar o *Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2013)* cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2013, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
Ampliación da rede de saneamento en Paradela e Laraño	91.366,16	4.808,75	96.174,91
Acondicionamento de camiños en Marzán de Abaixo, Piñeiro, Fornelos e Ximonde	45.843,84	3.676,73	49.520,57
TOTAIS	137.210	8.485,48	145.695,48

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2013 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	58.700,00

C)Resumo:

	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL
SUBTOTAL OBRAS	137.210	8.485,48	145.695,48
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	58.700	108.440	167.140
TOTAL	195.910	116.925,48	312.835,48

2º.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3º.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2013 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2013.

4º.- Solicitalle á Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se esta se produce efectivamente.



5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegar o detalle de cada unha delas, acreditando que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde - Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O pleno dáse por informado.

3º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de acción social do Concello de Vedra.

Dáse conta da proposta de Regulamento de acción social do Concello de Vedra.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que quere matizar o voto favorable do seu grupo, porque segundo se lles informou na comisión informativa o citado regulamento vén de mans dos sindicatos e ten o consentimento pleno dos traballadores.

O Sr. Pose do BNG di que ao estar validado polos sindicatos e os traballadores o seu voto será favorable.

O pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar o citado regulamento.

4º.- Acordo, se procede, sobre moción relativa á arbitrase de consumo de participacións preferentes e subordinadas.

Dáse conta do seguinte informe da Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día vinte e dous de xaneiro do ano que andamos:

Dáse conta da moción presentada polo PP na que expón que dende o momento no que xorde en Galicia o problema de comercialización de participacións preferentes e obrigas subordinadas polas caixas de aforro integradas en NCG Banco, dende a Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, tratouse de buscar unha solución para os adquirentes destes produtos, e a pesares de que non ten competencias no eido do Sistema financeiro, as cales lle corresponden ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), é público e notorio o esforzo feito para que a arbitrase de consumo fose unha realidade e permitise darlle unha solución rápida, áxil e gratuíta a aqueles clientes que foron vítimas dunha comercialización inadecuada dos diferentes produtos híbridos, participacións preferentes e obrigas subordinadas, converténdose na primeira comunidade autónoma que promoveu esta vía, e a realidade é que a día de hoxe máis de 11.000 familias galegas xa recuperaron os seus aforros.

Dado que a pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español, consideran importante que os posuidores destes produtos financeiros



non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos, solicita a adopción polo pleno dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares aos xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfís foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os posuidores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas.

O Sr. Lema do PP expón que traen ao pleno esta moción coa vontade de convidar aos grupos políticos a que se sumen a ela. En principio consideran importante este tema das persoas que se viron envoltas neste problema de participacións preferentes e obrigas subordinadas, considerando que a día de hoxe máis de 11.000 familias galegas recuperaron os seus aforros pola vía da arbitrase de consumo, e o que se pretende é por un lado profundar na arbitrase e por outro que non existan quitas respecto das cantidades depositadas.

Di tamén, que o seu grupo pode retirar a parte expositiva da moción e quedarse cos acordos, que realmente poden ser asumibles por todos os grupos municipais, quedando coma unha moción da corporación municipal de Vedra.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE di que o seu voto vai ser a favor, que hai algún tempo o seu grupo xa presentou unha moción máis ou menos nos mesmos termos, só que daquela facíase alusión a que se buscasen alternativas á arbitrase, porque non era de todo viable, e hoxe a OCU vai cambiando a percepción e ata o de agora parece que só é a única alternativa por máis que dea resultados dispares.

Sinala ademais que lle gustaría someter ao pleno un engadido á mesma, no sentido de instar particularmente a NCG Banco a que poña a mellor disposición.

O Sr. Pose do BNG expón que vai votar en contra da moción e propor unha alternativa que modifica lixeiramente a mesma, sinalando que se trata dunha moción política, que non parte do Grupo Municipal de Vedra, merecendo algúns comentarios a exposición de motivos, porque algúns aspectos parécenlle mentira, ou media verdade.

Di en canto á arbitrase, que o goberno galego é realmente o responsable directo das arbitrases, que se reduciron considerablemente despois das eleccións, e porque non se coñecen os criterios establecidos pola Xunta para garantir a prioridade de quen o solicite, mencionando un artigo publicado no xornal la Voz de Galicia sobre do cambio de discurso do PP dende as eleccións no sentido de que a arbitrase está nas mans da banca e antes dicían que era cousa da Xunta de Galicia.

Polo que respecta ás “quitas” di que é un produto do RDL do 24/12 aprobado polo goberno do PP o pasado mes de xullo, e sobre das reclamacións en vía civil, existen unha taxas arbitrais aprobadas en solitario polo PP con afán recadador e o que non fan é excepcións a este tipo de colectivos.

Por último, fai mención ao trato diferenciado da Xunta de Galicia, cando o Sr. Presidente don Alberto Núñez Feijoo considera necesario un trato diferenciado para os



investidores, é dicir , para os capitalistas que investiron 70.000 millóns de euros en NGB, para os que lle solicitou ao FROB que se lle dea un tratamento aparte para que poidan recuperar os capitais investidos..

En canto á moción en si, di que a exposición lle parece molesta, e sobre dos acordos que se poderían conservar, pero propón unha lixeira variación, quedando do seguinte xeito:

“O Pleno do Concello de Vedra quere amosar a súa comprensión e solidariedade coas persoas afectadas e o desexo de que recuperen canto antes os seus aforros, dos que son lexítimos propietarios.

Desta maneira, e a pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español, consideramos que os posuidores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas non poder sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos.

En consecuencia o pleno do Concello de Vedra adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a apoiar as xustas reivindicacións das persoas afectadas polas participacións preferentes e débeda subordinada, adoptando as medidas necesarias para a recuperación inmediata dos investimentos realizados polas persoas aforradoras e investidoras polo miúdo afectadas pola subscrición de ditos produtos das entidades financeiras, sen quita de ningunha especie.

2º.- Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión del Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes e outros instrumentos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras polo miúdo, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades a que houber lugar.”

O Sr. Alveta de TEGA expón que vai votar a favor tendo en conta que á marxe de depurar responsabilidades, que estaría ben, o máis interesante é que a xente recupere os seus aforros, e se é posible, sen quitarlle nada, independentemente de que o BNG poida ter razón na súa exposición.

O Sr. Lema di que non ten problema en retirar a parte expositiva, e que os acordos quedarían tal e como se presentaron, sen retirar nin ao Banco de España, nin ao Ministerio de Economía e FROB, porque si teñen competencias neste tema. Estando de acordo en enfatizar o solicitado polo PSdG-PSOE, e que o que se pretende é que se contemple a arbitrase de consumo, que para eles é importante e prioritario, sen que teñan inconveniente en engadir o tema da inspección.

O Sr. Pose quere puntualizar que a arbitrase ten os seus riscos, porque pode custarlle cartos aos veciños, e se cadra é máis sensato calar coa arbitrase e buscar outras vías, porque a UE esixe “quitas” e ao mellor van perder o 40 % dos seus aforros, contestándolle o Sr. Lema que na moción o que se solicita é esta vía para aqueles casos semellantes aos xa resoltos.

Sométese a votación a moción conxunta, que contén os seguintes acordos:

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e especialmente a NCG Banco a que continúen resolvendo, a través



da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares aos xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfís foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os posuidores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas.

3º.- Solicitar da Xunta de Galicia a que inste ao Goberno do Estado para que o Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) inicien unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes e outros instrumentos financeiros opacos e complexos entre persoas aforradoras e investidoras polo miúdo, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades a que houber lugar.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG a favor dunha xestión ecolóxica e sustentábel do lixo.

O Sr. Pose do BNG solicita que se debata a moción presentada sobre da xestión ecolóxica e sustentábel do lixo, posto que dende hai tempo o seu grupo xa vén advertindo dos perigos que ten o sistema actual con Sogama, e ver se é posible darlle un pulo, existindo concellos en Galicia que se amañan moi ben e aforran cartos coa recollida de lixo, entendendo que hai que dar un paso adiante.

O Sr. Lema do PP di que recibiron hoxe a súa moción e parécelles un tema moi interesante. Unha moción pequena pero de moito calado, que afecta á xestión do lixo do concello, estando na actualidade adheridos a un sistema de xestión, pero que hai que estudalo con calma e analízalo en todas as súas vertentes, polo que non considera que sexa un tema por resolver de xeito urxente, e polo tanto o seu grupo votará en contra da urxencia.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE expón que xa levamos moitos anos con este sistema, que se modificou o plan de xestión de residuos pero que é mais ou menos a extensión do que xa existía, polo que quizais si é urxente sentarse dunha vez , plantarse e reclamar que dunha vez se tome conciencia e se apliquen tantos e tantos modelos de éxito de xestión de residuos que temos en Galicia, en España e no resto de Europa.

Sinala que en canto á urxencia, que hoxe se poderían debater os tres primeiros puntos que se refiren directamente á xestión da Xunta; e os outros dous, que se refiren máis á xestión municipal de residuos e aos orzamentos municipais e actividades a desenvolver en base aos mesmos, quizais necesiten unha reflexión adicional; por iso quere someter á consideración do voceiro do BNG isto que manifesta, e o seu voto vai ser favorable á urxencia.

O Sr. Alvela di que non tivo ocasión de vela e cando non coñece un tema non opina del, polo tanto, sen quitarlle méritos nin oportunidade á moción, non vai poder debater un asunto do que non ten argumentos e por este motivo vai votar en contra da súa urxencia.



O Sr. Pose di que lle parece ben o exposto pola voceira do PSdG-PSOE e debater hoxe os tres primeiros puntos da moción e deixar os outros dous pendentes de estudo, pero recorda que xa hai máis dun ano que falou deste tema e colgou os tres sistemas de recollida de lixo e que non se fixo nada.

O Sr. Lema di que están a traballar pero con rigor, que este tema necesita un estudo pormenorizado, porque ten unhas repercusións moi importantes para o concello en todos os sentidos, por iso non consideran a urxencia de debatela hoxe no pleno.

A Presidencia di que o feito de que non se debata hoxe, non quere dicir que no vindeiro pleno se inclúa como primeiro punto da orde do día.

Sométese a votación a súa urxencia rexeitándose con seis votos a favor do BNG e PSdG-PSOE, e sete en contra do PP e TEGA.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Ás preguntas formuladas pola voceira do PSdG-PSOE, dona Lucía González, a Presidencia contéstalle:

1.- Sobre da xestión do servizo de fisioterapia, que a súa intención é que no mes de marzo se poida ofertar de novo este servizo.

2.- En canto á obra de iluminación no museo Modesto Paz Camps, que se trataba unha obra financiada por unha subvención da Deputación Provincial que fora pedida polo anterior equipo de goberno, e eles só a levaron a cabo; e sobre do plan de xestión do museo, que neste días terán toda a información e documentación para ter unha xuntanza no mes de febreiro cos distintos voceiros exclusivamente para este tema.

--Ás preguntas do Sr. Cobas do PSdG-PSOE, a Presidencia contesta:

1.- En relación á iluminación pública, expón que ata hoxe foron aproximadamente 600 actuacións dende que o novo equipo de goberno tomou posesión, e ao igual que se facía antes, á empresa envíanse por Fax os avisos todos os días, para que en vinte e catro horas se arranxen. De calquera xeito, se calquera membro da corporación coñece algún caso que leve días ou semanas sen arranxar a pesar de ter avisado, o máis responsable e o correcto é que avisen. Di que o sistema é o mesmo que existía antes de tomar posesión como Alcalde e os Fax están a disposición de quen queira revisalos.

2.- Sobre da figura dos Alcaldes de Barrio, di que lle sorprende que desa xuntanza que mantivo con eles marchase algún indignado. Estamos a falar duns representantes do Alcalde nas distintas parroquias, que non foron elixidos por el, senón que xa estaban antes de ser elixido Alcalde, e que dende logo teñen que ser persoas da máxima confianza do Alcalde. Sobre se van cambiar, primeiro que decidirá que funcións teñen que facer, e a partir de aí decidir se cambia algún ou non.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:



Primeira.- Na xunta de goberno de 8 de maio de 2012 dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e tres de abril de 2012, pola que en relación ao expediente de reposición da legalidade instruído respecto das actuacións consistentes na construción de piares para a colocación de portal en A Torre - San Xián de Sales, ordénaselle ao promotor das mesmas, don José Manuel González de la Torre, que proceda no prazo dun mes á súa demolición, xa que os actos son incompatibles co planeamento urbanístico, e que de non ser así procederase á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas.

No pleno de 24/09/2012 preguntamos sobre o estado deste expediente e no pleno de 24/10/2012 a presidencia respondeu que o interesado solicitou por escrito que por parte do Concello se volvease comprobar a distancia respecto á antiga pista de concentración parcelaria, e que se as obras non cumprían a normativa que voluntariamente as retiraría, e que por parte da técnica de urbanismo se foi comprobar e segundo o informe emitido, ratifica o anterior; e en efecto dous piares non cumpren, polo que se voluntariamente non os retira o Concello daralle trámite a través da imposición de multas.

Á vista de que nos consta que a día de hoxe os piares continúan no sitio:

-Que actuacións se levaron a cabo dende o pleno do 24/10/2012 para a reposición da legalidade?

-Solicitamos un informe do Secretario sobre o estado deste expediente. Mañá presentaremos esta solicitude por rexistro.

Segunda.- No DOG de data 17/01/2013 publícase a resolución do 27 de decembro de 2012 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2012 (DOG 13/06/2012), de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para o equipamento e a mellora das instalacións e dos locais utilizados para a realización de actividades culturais, con cofinanciamento polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.

Concorreu o Concello de Vedra a esta convocatoria?

-Se o fixo: Que se solicitou e por que non resultou seleccionada?

-Se non se presentou á convocatoria, cal foi o motivo?

Terceira.- No DOG de data 17/01/2013 publícase a resolución de 7 de xaneiro de 2013 pola que se lle dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo INEGA no 3º trimestre do ano, no que aparece como beneficiario dun deles o veciño concello de Boqueixón, cun proxecto piloto de iluminación pública exterior.

O concello de Vedra asinou ou vai asinar proximamente algún convenio deste ou doutro tipo co INEGA?

Se non foi así, nin está previsto que así sexa, rogamos fagan as xestións oportunas para que o Concello de Vedra tamén poida ser beneficiario dos seus convenios coas entidades locais.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Rogamos tamén que non deixen pasar unha soa convocatoria pública de axudas, que toquen esas portas que din ter abertas en instancias superiores e que fagan valer o goberno amigo na súa busca de inversións, convenios e axudas para Vedra. Vemos con preocupación como, pasado ano e medio, o grupo de goberno fixo a este respecto o mínimo. Por non falar das subvencións ás que se concorreu e nas que se quedou fóra por non ser subvencionable o gasto, ou das pomposas sinaturas de convenios do PEIM nas que recibimos 36.000 € mentres os nosos veciños, eses que tantas veces vostedes nos poñen de espello no que mirarnos, levan 100.000 €. Tal parece que, ou ben as administracións non son tan amigas, ou ben o grupo de goberno non se está a mover coa dilixencia que debera.

Cuarta.- Na Xunta de Goberno de data 23/11/2010 adxudicouse o contrato de servizos consistente na redacción do Plan Especial de Protección do Núcleo Tradicional de Ponte Ulla a Fermín González Blanco S.L. A redacción de dito plan, cabe recordar, estaba financiada nun 90% pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e o 10% con cargo a fondos propios.

O prezo de adxudicación foi de 48.273,00 € máis IVE, e o prazo de entrega de 23 meses.

A Xunta de goberno de 29/12/2010 aprobou a primeira factura de Fermín González Blanco S.L. por concepto de Redacción do plan especial de Ponte Ulla.

Á vista de que dende a data de adxudicación do contrato e incluso de aprobación da primeira factura por concepto de redacción do Plan Especial de Ponte Ulla teñen transcorridos máis de 24 meses, período superior ao prazo de entrega estipulado de 23 meses, preguntamos: -Cal é o estado da redacción do Plan especial de Ponte Ulla?.

-O Concello terá que aportar máis do 10% previsto no financiamento inicial por estarse a incumprir os prazos?.

-Cal está a ser o labor de Fermín González Blanco S.L.?

-Cal é o balance económico entre o financiamento previsto e as facturas emitidas por Fermín González Blanco S.L por concepto de Redacción do Plan Especial de Ponte Ulla ata o día de hoxe?

--O Sr. Pose do BNG pregúntalle ao Sr. Secretario se no contrato asinado con don Fermín González existe algunha cláusula de penalización por incumprimento do contrato, habitual neste tipo de contratos.

Se fose así pregúntalle ao equipo de goberno se está a aplicar a mesma.

Tamén, e dado que na Comisión Informativa se lle comunicou que se ía facer publicidade do acordo de publicación dos plenos, roga que o comunicado que se vai facer sexa consultado con todos os voceiros.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.